

REGULAMENTO BTT 2011

REGULAMENTO PROBAS DE BTT

Este regulamento é propiedade exclusiva da Federación Galega de Ciclismo (FGC). A FGC establece este regulamento co fin de estruturar a competición con probas de BTT e estimular ós clubs nas modalidades de rallie (XC), descenso (DH), maratón (XM) e Mini BTT.

As disposicións que se establecen a continuación son un complemento adicional ó establecido no Regulamento do Deporte Ciclista da RFEC e UCI, e serán de aplicación para todas as competicións de carácter autonómico de BTT da Comunidade Autónoma de Galicia. Calquer circunstancia non contemplada no presente regulamento será resolta de acordo cos regulamentos xerais da RFEC e UCI.

1. LICENCIAS

Só serán consideradas válidas as licencias que se axusten as normas formuladas pola RFEC e pola UCI para 2011 e deben ser presentadas por todos os ciclistas que desexen tomar parte nunha proba.

2. CATEGORÍAS

As probas de BTT están abertas a participación de todos os ciclistas, según a categoría que figure na súa licenza vixente:

Escolas (Mini BTT): principiante, alevín, infantil

Rallie (XC) e Descenso (DH):

HOMES: cadete, junior, sub-23, elite, master 30, master 40, master 50, master 60 e senior

MULLERES: cadete, junior, sub 23, elite e master

Maratón (XM):

HOMES: junior, sub-23, elite, master 30, master 40, master 50, master 60 e senior

MULLERES: junior, sub 23, elite e master

3. MATERIAL

Para todas as probas de ámbito autonómico da FGC é de aplicación o título IV-B do Regulamento Técnico, IV Probas de BTT, da RFEC.

4. CALENDARIO DE PROBAS

O Calendario de BTT-XC estará composto por:

- Campionato de Galicia
- Probas puntuables para o Open de Galicia-Novacaixagalicia
- Probas independentes de carácter autonómico

Todas estas probas serán puntuables para o ranking de Galicia de BTT-XC 2011 (a excepción do Cto de Galicia)

O Calendario de BTT-DH estará composto por:

- Campionato de Galicia
- Probas puntuables para o Open de Galicia-Novacaixagalicia
- Probas independentes de carácter autonómico

Todas estas probas serán puntuables para o ranking de Galicia de BTT-DH 2011 (a excepción do Cto de Galicia)

Neste calendario podería incluírse un Open Urbano de descenso (necesario un mínimo de tres probas) que sería independente do resto do calendario, no caso de non existir dito Open as probas pasarían a ser independentes.

O Calendario de Mini BTT estará composto por:

- Probas do Open de Galicia-Novacaixagalicia
- Probas independentes
- Probas de Mini-descenso

O Calendario de BTT-Maratón estará composto por:

- Probas independentes

5. REGULAMENTO PARTICULAR E ORGANIZACIÓN

Regulamento particular: todas as probas de BTT serán organizadas por clubs debidamente afiliados a FGC. O clube organizador deberá presentar na FGC, con 30 días de antelación (45 no caso de atravesar ou circular por estradas), 3 exemplares do regulamento particular da proba firmados e selados polo presidente do clube, deberá conter todos os datos necesarios para precisar con detalle a proba a realizar, debendo ser acompañados polo talón correspondente ó depósito do 100% dos premios, no caso de que se entreguen premios mínimos en metálico.

Pago das taxas: é obrigatorio para todo clube organizador o pago da correspondente taxa federativa e a taxa de arbitraje de cada proba.

Organización: deberá preverse un lugar de inscrición cuberto (oficina de carreira), con espazo e dotacións suficientes para todas as operacións de control de licencia e entrega de dorsais e placas. O clube organizador entregará a todo corredor inscrito bridas e imprendibles. O Xurado Técnico disporá neste lugar duna toma de corrente de 220 V con tensión segura e tres enchufes.

Servicios obrigatorios: un servizo médico suficiente, formado cando menos por unha ambulancia e un médico; non dispoñer destes servizos, supondrá a suspensión da proba. Servizo de megafonía, avituallamento líquido suficiente para todos os participantes e sinalización do acceso ó circuito.

Inscrición e controles: o clube organizador establecerá no reglamento particular da proba a modalidade de inscrición:

a) No caso de probas con inscrición electrónica os participantes deberán inscribirse na proba mediante a aplicación web ata as 20 horas do xoves anterior a proba. O organizador deberá indicar no reglamento particular as formulas para o pago da inscrición.

Neste caso, o organizador non aceptará ningunha inscrición o día da proba.

O organizador fara chegar o Comité de Árbitros da FGC, mediante correo electrónico as listas de corredores/as inscritos antes de las 20:00 horas do venres anterior a celebración da proba.

b) No caso de probas sen inscrición electrónica permitirase facer a inscrición o mesmo día da proba efectuándose polo menos durante 1 hora (1 hora e media antes do comenzo da proba), pechándose 30 minutos antes do inicio da competición.

A entrega de dorsais e placas realizaránse ata una hora antes da saída da proba ca verificación da licenza por parte do Xurado Técnico e ca presentación ó clube organizador do comprobante de transferencia/ingreso bancario, o no seu caso, o pago directo do dereito de inscrición. Chegado este momento, recolleránse as licencias dos corredores/as presentes nese momento no lugar de inscrición, sempre que estos se atopen na relación de inscritos.

Dorsais e Placas: os corredores terán adxudicado un dorsal e unha placa únicos, ca mesma numeración para todas as probas. Aqueles corredores que se presenten sen eles na inscrición serán sancionados con 5€ que deben ser entregados o técnico federativo no momento de recibir unha nova placa/dorsal ca mesma numeración.

A adxudicación do nº de dorsal farase da seguinte forma:

§ Os 10 primeiros corredores que dispoñan de puntos no Ranking de Galicia BTT 2010, adxudicaráselle o número que lles corresponda en función da clasificación xeral individual.

§ Tódolos demáis corredores recibirán o número de dorsal que lles corresponda por orde de solicitude do mesmo.

As placas e os dorsais non poden ser cortados, dobrados ou deteriorados, calquera infracción neste sentido poderá supoñer unha sanción o corredor.

Numeración por categorías

Élite-Sub23	1-99
Cadetes	101-199
Juniors	201-299
Master 30	301-399
Master 40 50 60	401-499
Féminas	501-599
Senior	601-699

6. CLASIFICACIÓNS E PREMIOS

As probas de BTT comprenderán unha clasificación individual que se establecerá para as seguintes categorías:

ü Homes:

- § Cadete
- § Junior
- § Sub 23, Élite (conxunta)
- § Master 30
- § Master 40, 50 e 60 (conxunta)
- § Senior

Excepción: en todas as probas de descenso a categoría Sub 23 separárase da categoría Élite (Modificado 28.04.11)

ü Mulleres:

- § Féminas

Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados de cada unha das sete categorías.

REGULAMENTO OPEN DE GALICIA-NOVACAIXAGALICIA BTT-XC 2011

A FGC establece como circuito autonómico de BTT-XC o denominado Open de Galicia-Novacaixagalicia de BTT-XC, co fin de estruturar a competición con probas de alto nivel. A adxudicación da puntuabilidade dunha proba para o Open de Galicia-Novacaixagalicia é potestade exclusiva da FGC e esta farase tras o estudo das distintas peticións dos clubs organizadores. O número mínimo de probas para a realización dunha competición mediante o sistema de Open será de 3.

1. CLASE DA PROBA/INSCRICIÓN

As probas do Open de Galicia-Novacaixagalicia de BTT-XC poden clasificarse en:

CLASE A

- ü Premios mínimos en metálico de 980 €
- ü Cronometraje electrónico (opcional)
- ü Inscripción máxima 10 €

CLASE B

- ü Sen premios mínimos en metálico.
- ü Cronometraje electrónico (opcional)
- ü Inscripción gratuita.

2. ORDE DE SAÍDA

2.1. ORDE DE SAÍDA POR CATEGORÍAS

En caso de probas con saída única, o orde de saída por categorías será o seguinte:

- 1º. ÉLITE-SUB 23/SENIOR
- 2º. JUNIOR
- 3º. MASTER 30
- 4º. MASTER 40, 50, 60
- 5º. CADETES/FÉMINAS

En caso de probas con saída dobre, o orde de saída por categorías será o seguinte:

1ª SAÍDA
JUNIOR-CADETE-FEMINA-MASTER 40, 50, 60

2ª SAÍDA
ÉLITE/SUB 23-SENIOR-MASTER 30

2.2. ORDE DE SAÍDA 1ª PROBA DO OPEN

A primeira fila da parrilla de saída a ocuparán os 10 primeiros corredores, según o seu orde de clasificación no Open de Galicia BTT-XC 2010. O resto de corredores, (incluídos os que non figuren en dita clasificación porque cambiaron de categoría) se situarán a continuación.

2.3. ORDE DE SAÍDA RESTO DE PROBAS DO OPEN

O orde de posición na parrilla de saída nas distintas categorías determinarase para os 10 primeiros corredores pola clasificación xeral individual actualizada, despois de cada unha das probas puntuables do Open de Galicia. O resto de corredores se situarán a continuación.

O líder do Open sempre ocupará a primeira posición na parrilla de saída.

3. CLASIFICACIÓNS

3.1. CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL

O vencedor do Open de Galicia obterase pola adición dos puntos conquistados en cada proba, sendo primeiro quen máis puntos obteña. No caso de empate será primeiro quen puntuase en máis probas, de continuar o empate será primeiro o que máis primeiros postos obtivera, de mantense o empate se verían os segundos postos e así sucesivamente. De persistir o empate será primeiro quen mellor posto obteña na última proba.

Sistema de puntuación da clasificación xeral individual: outorgaranse puntos os 25 primeiros clasificados de cada categoría da seguinte forma:

1º	150 Puntos	14º	32 Puntos
2º	120 "	15º	30 "
3º	100 "	16º	28 "
4º	80 "	17º	26 "
5º	70 "	18º	24 "
6º	60 "	19º	22 "
7º	55 "	20º	20 "
8º	50 "	21º	18 "
9º	45 "	22º	16 "
10º	40 "	23º	14 "
11º	38 "	24º	12 "
12º	36 "	25º	10 "
13º	34 "		

3.2. CLASIFICACIÓN XERAL FINAL POR EQUIPOS

Esta clasificación outorgará o premio o mellor equipo do Open que entregarase xunto cos premios dos vencedores finais do Open de Galicia-Novacaixagalicia de XC o final da tempada. A clasificación final obterase ca suma dos puntos conseguidos polos 10 primeiros corredores clasificados de cada unha das categorías na clasificación xeral Final do Open de Galicia-Novacaixagalicia XC. No caso de empate se seguirá o mesmo procedemento que para a clasificación individual.

Para a Clasificación Xeral Individual e a Clasificación Xeral Final por Equipos terase en conta os resultados de todas as probas puntuables do Open de Galicia- Novacaixagalicia de BTT-XC.

4. PREMIOS E TROFEOS

Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados de cada unha das sete categorías.

Os premios mínimos en metálico das probas de clase A deben distribuírse según o especificado na seguinte taboa:

	CADETE	JUNIOR	ELITE-SUB 23	FÉMINA	MASTER 30	MASTER 40,..
1º	40 €	40 €	100 €	40 €	40 €	40 €
2º	30 €	30 €	75 €	30 €	30 €	30 €
3º	20 €	20 €	60 €	20 €	20 €	20 €
4º	15 €	15 €	50 €	-	-	-
5º	10 €	10 €	45 €	-	-	-
6º	-	-	40 €	-	-	-
7º	-	-	35 €	-	-	-
8º	-	-	30 €	-	-	-
9º	-	-	25 €	-	-	-
10º	-	-	20 €	-	-	-

4.1. MAILLOT LÍDER

Se entregarán maillots de líder os primeiros clasificados de cada categoría. Os líderes teñen a obrigaçión de portar o maillot de líder en cada unha das probas puntuables para o Open e estar presentes nas ceremonias protocolarias o finalizar as probas. O incumprimento desta disposición penalizará con **20 puntos** na clasificación xeral individual.

En todos os actos protocolarios de entrega de premios, os corredores deberán subir ó podium ca vestimenta oficial de competición do seu equipo.

A FGC otorgará ó final do Open de Galicia-Novacaixagalicia de BTT-XC trofeos os tres primeiros clasificados por categoría e o vencedor por equipos.

REGULAMENTO OPEN DE GALICIA-NOVACAIXAGALICIA BTT-DH 2011

A FGC establece como circuito autonómico de BTT-DH o denominado Open de Galicia-Novacaixagalicia de BTT-DH, co fin de estruturar a competición con probas de alto nivel. A adxudicación da puntuabilidade dunha proba para o Open de Galicia-Novacaixagalicia é potestade exclusiva da FGC e esta farase tras o estudo das distintas peticións dos clubs organizadores. O número mínimo de probas para a realización dunha competición mediante o sistema de Open será de 3.

1. CLASE DA PROBA/INSCRICIÓNS

As probas do Open de Galicia-Novacaixagalicia de BTT-DH serán unicamente:

CLASE A

- ü Premios mínimos en metálico 435 €
- ü Cronometraje electrónico (obligatorio)
- ü Inscripción máxima 20 €

(Modificado 28.04.11)

2. ORDE DE SAÍDA

2.1. ORDE DE SAÍDA POR CATEGORÍAS

O orde de saída das categorías será o seguinte:

- 1º. Master 40, 50, 60
- 2º. Fémína
- 3º. Master 30
- 4º. Cadete
- 5º. Junior
- 6º. Senior
- 7º. Sub 23
- 8º. Élite

(Modificado 28.04.11)

2.2. ORDE DE SAÍDA 1ª PROBA DO OPEN

Na 1ª manga, os 10 primeiros corredores de cada categoría saíran os últimos, en orde inversa a clasificación do Ranking de Galicia BTT-DH 2010. O resto de corredores, (incluídos os que non figuren en dita clasificación porque cambiaron de categoría) saíran por orde de inscrición dentro de cada categoría.

Na 2ª manga, o orde farase según as indicacións do Xurado Técnico.

2.3. ORDE DE SAÍDA RESTO DE PROBAS DO OPEN

Na 1ª manga, os 10 primeiros corredores de cada categoría saíran os últimos, en orde inversa a clasificación xeral individual actualizada, despois de cada unha das probas puntuables do Open de Galicia. O resto por orde de inscrición dentro de cada categoría. O líder do Open sempre sairá no último lugar da súa categoría, independentemente da categoría que teña.

Na 2ª manga, o orde farase según as indicacións do Xurado Técnico.

3. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Nas probas de descenso, o sistema de clasificación será o baseado en dúas mangas, donde o mellor tempo marcado en cada unha das dúas mangas conte para o resultado final.

4. CLASIFICACIÓNS

4.1. CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL

O vencedor do Open de Galicia obtense pola adición dos puntos conquistados en cada proba, sendo primeiro quen máis puntos obteña. No caso de empate sería primeiro quen puntuase en máis probas, de continuar o empate será primeiro o que máis primeiros postos obtivera, de mantense o empate se verían os segundos postos e así sucesivamente. De persistir o empate sería primeiro quen mellor posto obteña na última proba.

Sistema de puntuación da clasificación xeral individual: outórganse puntos os 25 primeiros clasificados de cada categoría da seguinte forma:

1º	150 Puntos	14º	32 Puntos
2º	120 "	15º	30 "
3º	100 "	16º	28 "
4º	80 "	17º	26 "
5º	70 "	18º	24 "
6º	60 "	19º	22 "
7º	55 "	20º	20 "
8º	50 "	21º	18 "
9º	45 "	22º	16 "
10º	40 "	23º	14 "
11º	38 "	24º	12 "
12º	36 "	25º	10 "
13º	34 "		

4.2. CLASIFICACIÓN XERAL FINAL POR EQUIPOS

Esta clasificación outorgará o premio o mellor equipo do Open que entregárase xunto cos premios dos vencedores finais do Open de Galicia-Novacaixagalicia de BTT-DH o final da tempada. A clasificación final obtense ca suma dos puntos conseguidos polos 10 primeiros corredores clasificados de cada unha das categorías na clasificación xeral Final do Open de Galicia-Novacaixagalicia BTT-DH. No caso de empate se seguirá o mesmo procedemento que para a clasificación individual.

Para a Clasificación Xeral Individual e a Clasificación Xeral Final por Equipos terase en conta os resultados de todas as probas puntuables do Open de Galicia- Novacaixagalicia de BTT-DH.

5. PREMIOS E TROFEOS

Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados de cada unha das oito categorías.

Os premios mínimos en metálico das probas de clase A deben distribuírse según o especificado na seguinte taboa:

	CADETE	JUNIOR	FÉMINA	"SCRATCH"
1º	20 €	20 €	30 €	60 €
2º	15 €	15 €	20 €	45 €
3º	10 €	10 €	10 €	40 €
4º	-	-	-	35 €
5º	-	-	-	30 €
6º	-	-	-	25 €
7º	-	-	-	20 €
8º	-	-	-	15 €
9º	-	-	-	10 €
10º	-	-	-	5 €

(Modificado 28.04.11)

Os premios "scratch" non se entregarán ós corredores senior.

Se un corredor "scratch" é senior se moverá o seu posto para o seguinte corredor.

No caso de coincidir no mesmo corredor dous premios en metálico, aplicaráselle o de maior cuantía e se moverá o seu posto no de menor cuantía ó seguinte corredor.

5.1. MAILLOT LÍDER

Se entregarán maillots de líder os primeiros clasificados de cada categoría. Os líderes teñen a obriga de portar o maillot de líder en cada unha das probas puntuables para o Open e estar presentes nas ceremonias protocolarias o finalizar as probas. O incumprimento desta disposición penalizará con 20 puntos na clasificación xeral individual.

En todos os actos protocolarios de entrega de premios, os corredores deberán subir ó podium ca vestimenta oficial de competición do seu equipo.

A FGC otorgará ó final do Open de Galicia-Novacaixagalicia de BTT-DH trofeos os tres primeiros clasificados por categoría e o vencedor por equipos.

REGULAMENTO PROBAS DE MINI BTT 2011

A FGC establece como circuito autonómico de Mini BTT, co fin de estimular ós clubs ciclistas a participación na categoría de escolas con probas de BTT. A adxudicación da puntuabilidade dunha proba para o Open de Galicia-Novacaixagalicia é potestade exclusiva da FGC e esta farase tras o estudo das distintas peticións dos clubs organizadores. **Aínda que a denominación do Open de Galicia-Novacaixagalicia de Mini BTT sexa de Open, éste non terá carácter competitivo, non existirá rankings por categorías nin se entregará maillot de líder. Deste xeito, evitase a presión dos resultados, fomentando a práctica deportiva dos nenos e nenas, sen premiar a competición.**

1. CATEGORÍAS

Nas probas de Mini BTT, cada ciclista (masculino ou feminino) participara dependendo do seu ano de nacemento na categoría de competición que lle corresponda. As categorías son as seguintes:

Os ciclistas con licencia **PRINCIPIANTE** se dividiran en tres categorías:

PREBENJAMIN nacido nos anos 2005 e 2006

PROMESA nacido nos anos 2003 e 2004

PRINCIPIANTE nacido nos anos 2001 e 2002

O resto de ciclistas lles corresponderá a categoría según a que figure na súa licencia vixente

ALEVÍN nacido nos anos 1999 e 2000

INFANTIL nacido nos anos 1997 e 1998

2. MATERIAL

PLACAS E DORSAIS

Os ciclistas terán adxudicados un dorsal e unha placa únicos, ca **mesma numeración** para todas as probas Open de Galicia-Novacaixagalicia de Mini BTT.

Numeración por categorías

Prebenjamines	1-99
Promesas	101-199
Principiantes	201-299
Alevines	301-399
Infantiles	401-499

3. INSCRICIÓNS

Debido ó carácter promocional destas probas, a inscrición será gratuita para todos os ciclistas.

4. ORDE DE SAÍDA

4.1. ORDE DE SAÍDA POR CATEGORÍAS

O orde de saída das categorías será o seguinte:

- 1º. PREBENJAMINES
- 2º. PROMESAS
- 3º. PRINCIPIANTES
- 4º. ALEVÍNES
- 5º. INFANTILES

4.2. ORDE DE SAÍDA 1ª PROBA

As dúas primeiras filas da parrilla de saída serán ocupadas polos 10 primeiros ciclistas, según acordo dos directores deportivos de cada escola na reunión mantida 15 minutos antes do comezo da proba, respetando unha parte da parrilla en proporción a inscrición feminina. Procurarase na medida do posible un ciclista representando a cada escola. O resto de ciclistas se situarán a continuación.

4.2.2. ORDE DE SAÍDA RESTO DE PROBAS

As dúas primeiras filas da parrilla de saída serán ocupadas polos 10 primeiros ciclistas seguindo a orde de clasificación da carreira anterior disputada do calendario autonómico de Mini BTT, respetando unha parte da parrilla en proporción a inscrición feminina. O resto de ciclistas se situarán a continuación.

A parrilla de saída procurarase que sexa o máis ancha posible, colocándose cun marxen dun metro por cada neno/a ata que o permita o ancho da liña de saída.

5. CIRCUITO E SISTEMA DE COMPETICIÓN

O circuito deberá ser totalmente ciclable e será o máis seguro e vistoso para ciclistas e público.

5.1. DURACIÓN DA PROBA

Recoméndase que o tempo total empregado en cada volta polos ciclistas non exceda dos 3 minutos. Deberá aproximarse o máis posible a:

- PREBENJAMINES 5 minutos.
- PROMESAS 8 minutos.
- PRINCIPIANTES 10 minutos.
- ALEVINES 12 minutos.
- INFANTILES 15 minutos.

5.2. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Cada proba constará de 2 mangas, de cada manga, se sumarán os puntos seguindo a posición que obteñan cada ciclista: o primeiro 1 pto, o segundo, 2 ptos, o terceiro, 3 ptos e así sucesivamente, gañando aquel ciclista que menos puntos consiga. En caso de empate, o desempate será a favor do ciclista que acade mellor posto na segunda manga.

6. CLASIFICACIÓNS

En cada proba de Mini BTT, se establecerá una clasificación individual por categorías (masculina e feminina):

PREBENJAMINES
PROMESAS
PRINCIPIANTES
ALEVINES
INFANTILES

7. TROFEOS

A distribución de trofeos, medallas e regalos queda a criterio do organizador, sendo obrigatorio como mínimo a entrega de trofeos os tres primeiros clasificados e as tres primeiras clasificadas de cada categoría. Está totalmente prohibida a entrega de premios en metálico nestas categorías.

â PROBAS DE MINI DESCENSO

O calendario 2011 de Mini BTT incluíra tamén probas de mini descenso co fin de promocionar esta modalidade en ciclistas de idade escolar.

1. CATEGORÍAS

As mesmas categorías que para as probas de Mini BTT.

2. MATERIAL

É obrigatorio o uso de casco integral, guantes, manga larga, rodilleras e coderas. Cada ciclista participará ca bicicleta que dispoña, tratase de facer chegar esta modalidade o máximo de nenos e nenas. A bicicleta debe ter frenos diante e detrás e ter tapóns nos extremos do manillar.

3. CIRCUITO

Os circuitos serán visibles dende a saída ata a meta.

O Xuiz Árbitro tomará os tempos dende a meta, puidendo visualizar a zona de saída para verificar o momento de partida dos ciclistas.

A lonxitude do circuito, será aproximadamente de 50 a 300 metros dependendo da categoría, con un desnivel do 5% ó 45%, cunha dificultade baixa.

Os remontes serán a pe.

4. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Nas probas de descenso, o sistema de clasificación será o baseado en dúas mangas, donde o mellor tempo marcado en cada unha das dúas mangas conte para o resultado final. O cronometraxe realizarase polos árbitros de forma manual.

5. CLASIFICACIÓNS

En cada proba de descenso de Mini BTT, establecerase unha clasificación individual por categorías (masculina e feminina):

PREBENJAMINES
PROMESAS
PRINCIPIANTES
ALEVINES
INFANTILES

7. TROFEOS

A distribución de trofeos, medallas e regalos queda a criterio do organizador, sendo obrigatorio como mínimo a entrega de trofeos os tres primeiros clasificados e as tres primeiras clasificadas de cada categoría. Está totalmente prohibida a entrega de premios en metálico nestas categorías.

A Comisión Técnica de BTT da FGC resolverá calquer duda que pudiera existir con respecto a esta regulamento.

REGULAMENTO PROBAS DE BTT-MARATÓN 2011

Se consideran probas de BTT-Maratón aquelas probas competitivas que se disputan sobre un percorrido en liña que superen os 50 km. Neste tipo de probas, ao marxe da competición, poderase realizar unha marcha cicloturista. Se o organizador decide incluír unha marcha no evento BTT-Maratón deberá reflexalo no Regulamento Particular, nesta marcha poderán participar aqueles deportistas que estén en posesión da licenza de cicloturismo e deportistas con licenza dun día.

1. INSCRICIÓN

O organizador establecerá no Regulamento Particular da proba a modalidade e o pago da inscrición.

O organizador poderá limitar o número de inscritos en cada proba dacordo cas características do percorrido ou cas propias limitacións organizativas, debendo comunicar este aspecto a presentación dos regulamentos particulares da proba.

A placa dos participantes da marcha cicloturista será de cor distinta os participantes na proba de competición.

2. CLASIFICACIÓNS

En cada proba de BTT-Maratón, estableceráse una clasificación individual por categorías:

MASCULINA ABSOLUTA: inclúe categorías masculinas de:

HOMES: junior, sub-23, elite, master 30, master 40, master 50, master 60 e senior

FEMENINA ABSOLUTA: inclúe categorías femeninas de:

MULLERES: junior, sub 23, elite e master

Queda a criterio do organizador establecer categorías independentes para cada unha das descritas anteriormente.

Non se establecerá clasificación oficial algunha para os deportistas da marcha cicloturista, si ben, o organizador polos seus propios medios, poderá publicar unha relación nominal ordenada alfabéticamente co tempo empregado por cada deportista en completar o recorrido.

REGULAMENTO CAMPIONATOS DE GALICIA BTT 2011

Os Campionatos de Galicia están abertos a participación exclusiva daqueles corredores galegos que posúan a licenza tramitada pola FGC, non podendo participar corredores con licencias doutras comunidades autónomas.

Os Campionatos de Galicia disputaranse nas modalidades de:

Rallie (XC)

Descenso (DH)

CAMPIONATO DE GALICIA BTT-XC 2011

CATEGORÍAS: cadete, junior, elite, sub-23, fémina, senior, master 30, master 40, master 50-60. Nos Campionatos de Galicia a categoría elite separase da sub-23. Para a disputa do Campionato de Galicia BTT-XC en calquera categoría e modalidade, deberá presentarse a saída un mínimo de tres participantes, excepto na categoría de mulleres.

TIPO DE PROBA/INSCRICIÓN:

CLASE A

- ü Premios mínimos en metálico de 980 €
- ü Cronometraje electrónico (opcional)
- ü Inscripción máxima 10 €

ORDE DE SAÍDA POR CATEGORÍAS: a orde de posición na parrilla de saída en todas as categorías determinarase dacordo a clasificación final do Open de Galicia BTT-XC, o no seu caso da provisional, si o Campeonato Autonómico celebriase antes de rematar este.

PREMIOS E TROFEOS: recibirán trofeo os tres primeiros clasificados de cada unha das nove categorías e os premios mínimos en metálico adxudicaranse según o especificado na taboa do Open de Galicia BTT-XC.

A FGC entregará as correspondentes medallas os tres primeiros vencedores de cada categoría e o maillot de Campión de Galicia o vencedor de cada categoría.

REGULAMENTO CAMPIONATO DE GALICIA BTT-DH 2011

CATEGORÍAS: cadete, junior, élite, sub-23, fémína, senior, master 30, master 40, master 50-60. Nos Campionatos de Galicia a categoría élite separase da sub-23. Para a disputa do Campionato de Galicia BTT-XC en calquera categoría e modalidade, deberá presentarse a saída un mínimo de tres participantes, excepto na categoría de mulleres.

TIPO DE PROBA/INSCRICIÓN:

CLASE A

- ü Premios mínimos en metálico 435 €
- ü Cronometraje electrónico (obligatorio)
- ü Inscripción máxima 20 €

(Modificado 28.04.11)

ORDE DE SAÍDA POR CATEGORÍAS:

Na 1ª manga, os 10 primeiros corredores de cada categoría sairán os últimos, en orde inversa a clasificación final do Open de Galicia BTT-DH, o no seu caso da provisional, si o Campeonato Autonómico celebriase antes de rematar este. O resto por orde de inscrición dentro de cada categoría.

Na 2ª manga, o orde farase según as indicacións do Xurado Técnico.

PREMIOS E TROFEOS: recibirán trofeo os tres primeiros clasificados de cada unha das nove categorías e os premios mínimos en metálico adxudicaranse según o especificado na taboa do Open de Galicia BTT-XC.

A FGC entregará as correspondentes medallas os tres primeiros vencedores de cada categoría e o maillot de Campión de Galicia o vencedor de cada categoría.